



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### BOIRO

*Anuncio publicación listaxe provisional admitidos e excluídos convocatoria prazas policía local*

#### ANUNCIO

#### RELACIÓN PROVISIONAL 2ª DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PROCESO SELECTIVO – 3 PRAZAS DE POLICÍA LOCAL

Por resolución de alcaldía de data 14/04/2021 aprobouse a relación provisional 2ª de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo de 3 prazas de policía local:

#### “EXPEDIENTE: 1759/2020

Denominación: Resolución provisional 2ª de admitidos e excluídos. Convocatoria do proceso selectivo de 3 prazas de policía local.

#### DOCUMENTO: RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

O 28 de outubro de 2020 a Xunta de Goberno Local aprobou, entre outros, a convocatoria e as bases do proceso selectivo destinado á execución da Oferta de Emprego Público do Concello de Boiro 2019 (1ª fase: 3 prazas de policía quenda libre) publicadas o 13/11/2020 no BOP da Coruña nº 193.

O anuncio de dita convocatoria publicouse no DOGA nº 252 de data de 16/12/2020 e no BOE nº 323 de data de 11/12/2021, abrindo o prazo de presentación de solicitudes.

O 13 de xaneiro de 2021 rematou o prazo para a presentación de instancias de solicitude para tomar parte no proceso selectivo.

Por Decreto de alcaldía nº 2021-0410 de data de 11/03/2021, publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 54 de data de 23/03/2021, aprobouse relación provisional de persoas admitidas e excluídas.

Logo de revisadas as alegacións presentadas, e segundo a base 6.2) das que rexe este procedemento: “Disporán do mesmo prazo de reclamación as persoas que, tendo presentado debidamente a solicitude de participación no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas na relación publicada”, unha vez comprobadas estas solicitudes de participación que nun primeiro momento non constaban no Decreto de alcaldía nº 2021-0410 de data de 11/03/2021, procede aprobar unha segunda relación de persoas inicialmente admitidas e excluídas a adicionar a este proceso selectivo.

Visto canto antecede, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Declarar provisionalmente admitidas ó proceso selectivo convocado por acordo da xunta de goberno local de data 28 de outubro de 2020, que rexe o procedemento para a provisión en propiedade de 3 prazas de policía local (funcionario/a de carreira) do Concello de Boiro, ás seguintes persoas por ter presentada en tempo e forma a documentación relacionada na base terceira das que rexen este procedemento:

NIF	NOME	Proba de lingua galega
361238	ROSA ANA C	EXENTA
335479	HENRIQUE D	EXENTO
774629	JONATHAN F	EXENTO
458607	ESTEFANO G	EXENTO
361588	CECILIA CH	EXENTA
444662	PABLO HUGO	EXENTO
764617	YAGO IÑARR	EXENTO

**Segundo.-** Declarar provisionalmente excluída ó proceso selectivo convocado por acordo da xunta de goberno local de data 28 de outubro de 2020, que rexe o procedemento para a provisión en propiedade de 3 prazas de policía local (funcionario/a de carreira) do Concello de Boiro, ás seguintes persoas e polos seguintes motivos de exclusión:

NIF	Nome	Motivo da exclusión	Proba da lingua galega
531672	AINOA MARI	Declaracións responsables sen asinar	EXENTA

**Terceiro.-** Facer pública, mediante a súa inserción na páxina web do concello [www.boiro.gal](http://www.boiro.gal), no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, esta listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas a adicinar á xa aprobada por Decreto de alcaldía nº 2021-0410 de data de 11/03/2021, concedendo ás persoas interesadas un prazo de DEZ días hábiles a contar dende o día seguinte ó da súa publicación no BOP para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión ou a non exención da proba de coñecementos da lingua galega.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar a oposición se deduza que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

**Cuarto.-** Dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.”

Boiro, 14 de abril de 2021.

Severino Abalo Chouza, secretario accidental.

2021/3039